



CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG, 18/09/2024)*, a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, en relación á convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**:

1. De acordo co disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG, 29/04/1988), modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09/09/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un** representante do persoal de administración e servizos.
2. O censo electoral do persoal de administración e servizos estará exposto a partir da data de hoxe na Secretaría do centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar ante a Xunta Electoral a partir do día de hoxe ata as 14:00 h do día 30 de outubro.
4. A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, o secretario do centro e o persoal de administración e servizos de maior idade.
5. O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta un máximo de **un** nome das persoas candidatas á que se lle outorga a representación.
6. As votacións realizaranse neste colexio público o **día 19 de novembro, ás 12'00 horas**.
7. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para seu envío a Xunta Electoral do centro.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos, 22 de outubro de 2024
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Alejandro Sánchez Amado

